

BOP 28-03-2001

“ESTATUTOS DA FUNDACIÓN “CULTURA QUENTE” DE CALDAS DE REIS

**TÍTULO I
DISPOSICIÓN XERAIS**

Artigo 1.- Denominación e natureza.

Ó abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución Española, coa denominación, FUNDACIÓN “CULTURA QUENTE”, constitúese unha organización de natureza fundacional de interese galego, constituída sen ánimo de lucro, con un patrimonio afectado de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Artigo 2.- Personalidade e capacidade xurídica.

A Fundación constituída, unha vez inscrita no Rexistro único de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo en consecuencia realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para que foi creada, con suxección ó establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3.- Réxime xurídico.

A Fundación rexerese pola Lei de Galicia 7/1983, de 22 de Xuño de Réxime das Fundacións de Interese Galego, pola Lei de Galicia 11/91 de 8 de Novembro, de reforma da anterior, polo Decreto 248/1992 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Organizacións e funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego e pola Lei 30/94 de 24 de novembro de Fundacións e Incentivos Fiscais á participación privada en Actividades de Interese Xeral.

A Fundación somete a súa actuación ás normas de dereito civil, mercantil e laboral que lle sexan de aplicación.

Artigo 4.- Domicilio.

O domicilio da Fundación establecerase na Rúa Ferrería nº 1 de Caldas de Reis (Pontevedra). O Patronato poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con inmediata comunicación ó Protectorado na forma prevista na lexislación vixente.

Artigo 5.- Ámbito de actuación.

A Fundación realizará as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma Galega.

Artigo 6.- Duración.

A Fundación constitúese por tempo indefinido, e dará comenzo as súas actividades o día en que quede validamente constituída.

TÍTULO II

OBXECTO DA FUNDACIÓN

Artigo 7.-Finalidade.

A Fundación ten por obxecto a realización na zona de influencia, de actividades de promoción, prestación e xestión directa ou indirecta de recursos e servizos culturais, a docencia e investigación cultural e patrimonial e a promoción da cultura individual e colectiva da Comunidade en calquera das súas vertentes, así como a realización doutras actividades que poden coadruar á consecución do obxecto fundacional.

TITULO III

REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS

Ó CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS

Artigo 8.- Destino de rendas e ingresos

1. Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinado, polo menos o 80 % das rendas e calquera outros ingresos netos que, previa deducción dos impostos, obteña a Fundación, debéndose destinalo resto, deducidos os gastos de administración, a incrementar a dotación inicial.
2. Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.

TITULO IV

GOBERNO DA FUNDACIÓN

Artigo 9.- Natureza.

O Patronato é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, que executará as funcións que lle corresponde con suxección ó disposto no Ordenamento xurídico e nos presentes Estatutos.

Artigo 10.- Composición do Patronato

O Patronato da Fundación estará composto por 9 membros, podendo ampliarse sempre que os novos membros sexan aceptados polo Patronato.

O primeiro Patronato está composto polas seguintes persoas:

PRESIDENTE: Alcalde-Presidente do Ilmo. Concello de Caldas de Reis

VICEPRESIDENTE: Primer Teniente-Alcalde

VOCAIS:

- Un membro do Grupo Municipal del PSOE
- Un membro do Grupo Municipal do PP
- Un membro do Grupo Municipal do BNG
- Un membro dunha Asociación Xuvenil do Concello
- Un membro dunha Asociación de Comerciantes do Concello.
- Un membro dunha Asociación de Hosteleiros do Concello.
- Un representante da Comunidade Educativa do Concello

SECRETARIO: O do Concello.

Os membros das Asociacións propondrán o seu representante dentro do patronato,

sempre e cando esten legalmente constituídas. No caso de non ser así, será o Presidente quen propoña a designación das persoas mías representativas do Concello ó Patronato.

Artigo 11.- Duración do mandato

Os Patronatos desempeñarán as súas funcións durante catro anos podendo ser reelegidos. Os mandatos aducuaranse os períodos electorales.

Artigo 12- Aceptación do cargo de patrono e substitución.

Os patronos entrarán a exercer-las súas funcións despois de aceptar expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá facerse constar no outorgamento da carta fundacional, en documento público independente ou en certificación do patronato coas sinaturas do Secretario e Presidente e farase constar no Rexistro de Fundacións.

Producida unha vacante, no prazo máximo de tres meses o patronato designará unha persoa para ocupa-la mesma.

Artigo 13. - Cese dos Patronos.

- 1 - O cese dos patronos da Fundacións producirase nos supostos seguintes: por morte ou declaracións de falecemento, así como por extinción da persoa xurídica, renuncia comunicada coas debidas formalidades, por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade dacordo co establecido na Lei, por cese no cargo por razón do cal foron nomeados membros do Patronato e por calquera outra causa establecida pola Lei.
- 2 - A renuncia será efectiva dende que se notifique ó Protectorado e deberá facerse na forma prevista para a aceptación do cargo de patrono.

Artigo 14.- O Presidente.

Correspóndelle convoca-las reunións do Patronato, presidilas, dirixi-los debates e, no seu caso, executa-los acordos, podendo realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para tal fin.

Artigo 15.- O Vicepresidente.

Corresponderá ó Vicepresidente realiza-las funcións do Presidente nos casos de estar vacante o posto por ausencia ou enfermidade, podendo actuar tamén en representación da Fundación naqueles supostos que así o determine o Patronato.

Artigo 16.- O Secretario.

Son funcións do Secretario a custodia da documentación pertencente á Fundación, levanta-las actas correspondentes ás reunións do Patronato, expedi-las certificacións e informes que sexan necesarios e todas aquelas expresamente que lle deleguen. Nos casos de enfermidade, e ausencia ou vacante fará as funcións de Secretario o vocal de menor idade do patronato.

Artigo 17.- Facultades do Patronato.

Corresponde ó Patronato o goberno, representación e administración da Fundación, así como a modificación dos presentes estatutos nos termos establecidos na lexislación vixente.

Artigo 18.- Reunión do Patronato: convocatoria.

O Patronato reunirase, polo menos, dúas veces ó ano e tantas como sexa preciso para a boa marcha da fundación. Corresponde ó Presidente convoca-las reunións do mesmo. A convocatoria farase chegar a cada un dos membros, polo menos con cinco días de antelación á data da súa

celebración utilizando un medio que permita deixar constancia da súa recepción. Na mesma farase constar lugar, día e hora da celebración da reunión, acompañándose así mesmo a orde do día.

Non será preciso convocatoria previa cando se encontren presentes tódolos membros e acorden por unanimidade a celebración da reunión.

Artigo 19.- Forma de deliberar e tomar acordos.

As reunións do patronato entenderanse válidamente constituídas cando concurren a elas, presente ou representados na forma indicada no artigo 6 do Decreto 248/1992 de xuño, polo menos a metade máis un dos seus membros.

Os acordos adoptaranse por maioría absoluta de asistentes, e será dirimente en caso de empate o voto do seu presidente.

Será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes sempre que, ademais supoña a maioría absoluta do número dos seus membros, para a adopción dos acordos en que así se estableza expresamente no Regulamento de Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego.

Das reunións do Patronato levantará acta o Secretario que deberá ser suscrita e aprobada por tódolos membros presentes nas mesmas. Esta transcribirase ó correspondente libro e será asinado polo Secretario co visto e praxe do Presidente.

Artigo 20.

Na súa actuación o Patronato deberá axustarse ó preceptuado na lexislación vixente. Corresponde ó Patronato cumprir os fins fundacionais e administrar os bens e dereitos integran o patrimonio da Fundación mantendo plenamente o rendemento e a utilidade dos mesmos.

O Patronato dará información suficiente dos fins e actividades da Fundación para que sexan coñecidos polos seus eventuais beneficiarios e demais interesados.

Artigo 21.- Obrigas e responsabilidades dos Patronos.

Entre outras cousas, son obrigacións dos Patronos facer que se cumpran os fins da Fundación, concorrer ás reunións ás que sexan convocados, desempeñar o seu cargo con dilixencia, e cumprir nas súas actuacións co determinado nas disposicións legais vixentes e nos presentes Estatutos.

Os Patronos responderán fronte á Fundación dos danos e prexuízos que causen por actos contrarios á Lei ou ós Estatutos ou polos realizados negligentemente. Quedarán exentos de responsabilidade quen se opuxera expresamente ó acordo determinante da mesma ou non tivera participado na súa adopción.

Artigo 22.

Os Patronos exercerán o seu cargo gratuitamente sen que poidan recibir en ningún caso retribucións polo desempeño da súa función.

Os Patronos terán dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas polo desempeño das funcións correspondentes ós seus cargos.

TÍTULO V

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 23.- Patrimonio Fundacional.

O capital da fundación estará integrado por tódolos bens e dereitos que constitúen a dotación desta, e por aqueles outros que no sucesivo se aporten á mesma con ese carácter.

Artigo 24.- Composición do Patrimonio.

O Patrimonio da Fundación está constituído por toda clase de bens e dereitos.

Artigo 25.- Adscripción do Patrimonio Fundacional.

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que se produzan, quedarán vinculados de maneira directa e inmediata ó cumprimento dos fins que a Fundación persegue.

Artigo 26.- Da financiación.

A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, no seu caso, con aqueles outros procedentes das axudas, subvencións ou donacións que reciba de persoas ou entidades tanto públicas como privadas.

A Fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servicios directamente prestadas por ela ós seus beneficiarios na forma e cos requisitos establecidos no artigo 21.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundación de Interese Galego. As cantidades que excepcionalmente poida percibir a Fundación do conxunto de beneficiarios non poderá exceder do coste real do servizo ou da prestación, sen marxe comercial de ningunha clase.

Artigo 27.- Réxime financeiro.

Na xestión económica-financieira, a Fundación rexerá de acordo ós principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

A Fundación levará aqueles libros que sexan convintes para a boa orde e desenvolvemento das súas actividades, así como para o adecuado control da súa contabilidade. Será en todo caso necesario formular e leva-los seguintes libros e documentación:

- a) Inventario – balance
- b) Memoria
- c) Presuposto e a súa liquidación
- d) Libro diario
- e) Libro de actas

Artigo 28.

Confeción de presupostos, rendición de contas e memoria social de actividades.

Confecionárase un presuposto correspondente ó ano seguinte. Nel recolleranse, con claridade, os ingresos e os gastos. Este presuposto deberá ser aprobado polo Patronato e remitido ó Protectorado, xunto coas memorias explicativa nos tres últimos meses do ano anterior.

Un exemplar do inventario-balance, a memoria anual e a liquidación do presuposto do ano precedente serán enviados anualmente o Protectorado, dentro do prazo de 6 meses seguintes á data do peche do exercicio, acompañados da certificación expresiva de que todos eles son fiel reflexo da contabilidade.

TÍTULO VI

DA MODIFICACIÓN, AGREGACIÓN E EXTINCIÓN

Artigo 29.- Modificación de Estatutos

Por acordo do Patronato, poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente ós intereses da Fundación e se cumplan os requisitos esixidos no artigo 38 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego.

A modificación ou nova redacción dos estatutos acordada polo Patronato comunicarse ao Protectorado.

Artigo 30.- Fusión con outra Fundación.

O Patronato poderá propoñer ó Protectorado a fusión con outra Fundación previo acordo concertado ó efecto con esta última.

O acordo de fusión esixirá o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 38.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Fundacións de Interese Galego.

Artigo 31.- Extinción da Fundación.

A Fundación extinguirase polas causas e de acordo co procedemento establecido pola lexislación vixente.

Artigo 32.- Liquidación e adxudicación do Patrimonio

No caso de que a Fundación se extinga, os bens que constituen a dotación fundacional pasarán a pertencer o Ilmo. Concello de Caldas de Reis, baixo a condición de que tales bens permanecerán sempre xuntos e en exposicións abertas ó público, sen que polo tanto podan ser alleados ou cedidos a terceiros, baixo ningunha circunstancia. No caso de que o Ilmo. Concello de Caldas de Reis incumprise algunha destas condicións, os bens pasaría a propiedade da Xunta de Galicia, e previo compromiso por parte desta a dispoñelo necesario para que os bens permanezan sempre en Caldas de Reis, e dando cumprimento ás condicións anteriormente relacionadas con respecto o Ilmo. Concello da devandita localidade.

CLÁUSULA ADICIONAL

En todo caso o previsto nos presentes estatutos non implica limitación ou substitución nas competencias que ó Protectorado atribúe a lexislación vixente, e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións ás que a Fundación expresamente se somete.”